

O primeiro para poder estudar datos sobre o desenvolvemento, é clasificar os países. Para iso imos utilizar o Índice de Desenvolvemento Humano ( IDH) do Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento ( PNUD), que posiblemente sexa a forma máis adecuada de clasificar, en grandes grupos, o nivel de vida dos países no mundo. O IDH calcúlase a partir de datos referidos a tres compoñentes fundamentais:


- **Saúde**, centrado na esperanza de vida ao nacer, xa que esta, achéganos datos sobre saúde, alimentación e condicións hixiénicas e de vida.
- **Educación**: nivel de acceso á educación.
- **Nivel económico**: Ingreso Nacional Bruto ( INB) por persoa.

Unha vez agrupados os países segundo o IDH, a poboación do mundo quedaría dividida en catro grupos da seguinte maneira (datos Informe do PNUD 2018).

Clasificación IDH	Número habitantes	
	en millóns	% poboación mundial
Moi alto (62 países)	1.439,3	19%
Alto (54 países)	2.378,9	32%
Medio (37 países)	2.732,9	37%
Baixo (36 países)	926,2	12%

Como apoio pódese consultar o seguinte mapa

# Clasificación dos países segundo o Índice de Desenvolvemento Humano (IDH)



## Países segundo IDH

- IDH moi alto
- IDH alto
- IDH medio
- IDH baixo